

Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia e a Asociación AMBAR das persoas con diversidade funcional

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Secretario Xeral de Educación e Formación Profesional da Consellería de Cultura, Educación e Universidade,

DECLARA:

Que esta Consellería de Cultura, Educación e Universidade ten previsto formalizar coa a Asociación AMBAR das persoas con diversidade funcional o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o finais do curso académico 2024-2025, isto é o día 31 de agosto de 2025, sendo prorrogado automaticamente por cursos académicos sucesivos, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes e cunha notificación á outra de dous meses de antelación. O seu contido poderá ser modificado, por mutuo acordo das partes, mediante a subscripción do oportuno acordo de modificación.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Asociación AMBAR das persoas con diversidade funcional nas accións dirixidas á mellora da atención educativa ao alumnado con diversidade funcional.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.



Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que a Consellería considera como un dos piares fundamentais dun sistema educativo de calidade a atención á diversidade do alumnado, o que esixe unha acción educativa integral que dea resposta axeitada ás necesidades específicas de apoio educativo, sendo necesario, para este fin, contar con toda a comunidade educativa así como coas entidades, asociacións ou entidades sen ánimo de lucro que adiquen os seus esforzos a esta finalidade.

Que o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, dispón que o alumnado con necesidade específica de apoio educativo pode requirir "apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias e que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración entre as distintas administracións, entidades, asociacións e outras organizacións sen ánimo de lucro e con atribucións na prevención, detección temperá e intervención educativa co alumnado, establecendo protocolos comúns de actuación e favorecendo o intercambio de información e a difusión de boas prácticas".

Que a Ambar é unha entidade sen ánimo de lucro de ámbito comarcal, integrada por pais e nais e demais persoas sensibilizadas co problema da diversidade funcional, física e intelectual, que ten entre os seus principais fins os seguintes:

a) Defender a dignidade e os dereitos das persoas con diversidade funcional.



- b) Promover a plena integración escolar, laboral e social das persoas con diversidade funcional.
- c) Crear as condicións para que os socios poidan cumprir axeitadamente a misión.
- d) Promover actitudes sociais positivas cara a persoa con diversidade funcional.
- e) Promover a lexislación axeitada que mellore a situación do colectivo.
- f) Participar na Orientación, coordinación e impulso do Movemento Asociativo no que estea integrado Ambar con criterios de solidariedade.
- g) Reunir e difundir información xeral e especializada sobre os problemas da diversidade funcional.
- h) Representar aos seu socios no ámbito local, provincial, autonómico, estatal e internacional.
- i) Desenvolver estratexias solidarias para que se poidan acadar equilibrios interterritoriais en calidade e servizos.
- j) Desenvolver programas e actividades, dentro da propia diversidade funcional, dirixidos especificamente á atención á muller.
- k) Desenvolver programas e actividades, dentro da propia diversidade funcional, dirixidos especificamente á atención da infancia e a xuventude.
- l) Desenvolver programas e actividades, dentro da propia diversidade funcional, dirixidos especificamente á atención das persoas maiores.
- m) Desenvolver programas e actividades, dentro da propia diversidade funcional, dirixidos especificamente a calquera outro colectivo en risco de exclusión social.
- n) Desenvolver programas e actividades relacionados co fomento e participación do Voluntariado Social.
- ñ) Promover e poñer en funcionamento todo tipo de iniciativas deportivas para persoas con diversidade funcional, priorizando aquelas que impulsen o deporte de base. Para tal efecto, crearase a sección deportiva da asociación que se



rexerá nas súas funcións polo establecido na Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia.

o) Promover e poñer en funcionamento todo tipo de iniciativas culturais, educativas, e de lecer orientadas ás persoas con diversidade funcional.

p) Promover e poñer en funcionamento todo tipo de programas de cooperación e desenvolvemento no exterior dirixidos ás persoas con diversidade funcional ou en risco de exclusión social.

En atención a estas consideracións, as dúas institucións teñen a vontade de sumar os esforzos que realizan no campo da atención educativa ao alumnado con diversidade funcional, manifestando que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela

José Luis Mira Lema

